



# TRASTORNO DA LINGUAXE

## ¿QUE É O TRASTORNO DA LINGUAXE (TDL)?

É un trastorno que se caracteriza por presentar unha alteración significativa na expresión e comprensión da linguaxe sen ningunha condición biomédica asociada (causa física, neurolóxica, intelectual nin sensorial).

### CARACTERÍSTICAS

- **Específico:** non hai déficits que expliquen as dificultades da linguaxe.
- **Persistente:** é un trastorno duradero que afecta a adquisición da linguaxe dende o inicio, prolongase durante a infancia e a adolescencia, e pode deixar secuelas na idade adulta.
- **Heteroxéneo:** características moi variables dun neno a outro, poden ou non estar afectadas todas as compoñentes da linguaxe e facelo con distintos graos de severidade.
- **Dinámico:** as dificultades poden variar co paso do tempo, superando algúns problemas e aparecer outros novos a medida que evoluciona. Os apoios deben variar dependendo das necesidades de cada crianza e do momento no que se atopen.

### PRINCIPAIS DIFICULTADES

- A NIVEL FONOLÓXICO
  - Erros de simplificación fonolóxica (exemplo: 'tasa' por 'casa')
  - Dificultade para repetir correctamente palabras novas.
  - Maior dificultade para articular palabras longas (+2 sílabas)
  - Habla inintelixible.
- A NIVEL SEMÁNTICO
  - Vocabulario pobre, a adquisición de vocabulario novo é lenta.
  - Dificultade para recuperar palabras coñecidas (acceso ao léxico).
  - Dificultades na comprensión da linguaxe, cústalle cumprir ordes e responder a preguntas habituais.
- A NIVEL MORFOSINTÁCTICO
  - Estructuras sintácticas moi simples, combinan 2-3 palabras.
  - Escasa variedade de tempos verbais, uso frecuente de infinitivo.
  - Dificultade no uso e comprensión de pronomes persoais e posesivos.
- A NIVEL PRAGMÁTICO
  - Predominio de xestos e condutas non verbais para manter a interacción e compensar as dificultades expresivas.
  - Uso da linguaxe para pedir ou mostrar algo.
  - Poden presentar un baixo nivel de atención auditiva.

**Recoméndase acudir ao especialista en logopedia para identificar as dificultades e comezar a traballar en elas así como para previr posibles consecuencias a longo prazo.**

